

Ultimamente estou tendo moitos problemas co tempo, e podería mandar pequenas creacións, pero non quería saírme da liña da historia que estou a escribir. De todas formas dinme conta de que estou perdendo o tempo e entón, cando teña máis, xa adianto os días rematando coas 7 vidas. Agora mesmo adxunto un poema feito coas letras do abecedario, espero que o disfrutedes.

Adeus é a primeira palabra máis difícil de pronunciar.

Botamos anos tras anos estudando verbas do dicionario para logo non poder dicir algo tan simple.

Cando chega o momento de volver a empezar,  
da tanto medo sentir como podo non ser imprescindible.

Estou a medio camiño de todo,

fago mal cousa si, cousa tamén;

gafo cada oportunidade de facelo doutro modo,

hei de dicir que hai moito tempo, que eu non estou ben.

Igual fixen mal en coñecerte, xa que que sobrepasas o concepto de dor,

laio a todas horas por culpa dos teus ollos,

mato a cada vea que percorre o teu amor.

Non resolvo as causas que provocan esta tristura tan grande:

ñáñaras que facías para intentar ocultar en min

(o que máis esperanza tiña e onde xacía o meu abrande),

pode que eses enganos remataran co meu maxín.

Que tortura é agora convivir coa túa pantasma, que

rara vez estuda con profundidade a miña mellora,

só quixera espertar noutra alma, que

tivera o teu recordo borrado da memoria.

Un día farei o meu último remate,

voltarei a sentir que a miña vida é para ti,

xoia afiada que vai rabuñando o tempo en min,

zume da túa sangue que murmura que me mate.